



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DUN ENCONTRO INFORMÁTICO NO ANO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social

DECLARA

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 29 de novembro do 2019, non sendo susceptible de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e desenvolvemento no ano 2019 dun encontro informático que ten como obxectivo principal ser un punto de encontro e referencia para a xuventude no eido das novas tecnoloxías, combinando actividades educativas, lúdicas e culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social é consciente da importancia que, dentro desa actividade, ten



Xacobeo 2021





brindar á xuventude un marco para que se introduza e afonde na sociedade da información e no manexo das novas tecnoloxías, considerando necesario ofrecer á mocidade un punto de encontro e referencia para ampliar os seus coñecementos e recursos no uso das novas tecnoloxías, ao tempo que poidan poñer en valor a súa creatividade neste eido.

A realización dun encontro informático de varios días de duración que reúna a máis de 1000 participantes supón unha complexidade de infraestrutura que a Fundación Semana Verde de Galicia pode solventar, posto que conta coas instalacións adecuadas e idóneas para este fin, dado que é un espazo caracterizado pola súa capacidade, estruturación, amplitude de servizos ofrecidos e aparcadoiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 20 de marzo de 2019.

